

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 14 DE XULLO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/700/2009.- José Antonio Rial Alonso.- Vivenda unifamiliar no lugar de Marantes.

PARCELACIONES.-

Lic/882/2009.- Cinur, S. L., representada por Marina Castro Blanco.- Parcelación urbanística da parcela 6 da UX-16 de Santas Mariñas. (+)

Lic/1292/2009.- María Esther Nieves Aldrey.- Parcelación urbanística da parcela nº 2679 do plano Xeral de Concentración Parcelaria de Eixo – Marrozos. (+)

PRÓRROGAS.-

Lic/1163/2009.- Promociones y Gestiones del Tambre, S. L.- Nave industrial na rúa da República Checa –Parcela C, 117, 118, 119, 120.

Lic/1161/2009.- Promociones y Gestiones del Tambre, S. L.- Nave industrial na rúa da República Checa – Parcela A – 117-118-120

Lic/1162/2009.- Promociones y Gestiones del Tambre, S. L.- Nave industrial na rúa da República Checa – Parcela D – 117 – 120

Lic/1164/2009.- Promociones y Gestiones del Tambre, S. L.- Nave industrial na rúa da República Checa – Parcela B – 117, 118, 119 e 120.

Lic/1274/2009.- Emilio José Pereira Casqueiro.- Vivenda unifamiliar na rúa Calzada do Combarro nº 8.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

Lic/1349/2009.- Urbanizadora Ibis, S. L.- Expte. Lic/1902/06 3.000 €.-

Lic/1350/2009.- Urbanizadora Ibis, S. L.- Expte. Lic/1903/06 3.000 €.-

Lic/1330/2009.- José Manuel Piñeiro Guerra.- .. Expte. Lic/1715/2003 ... 6.000 €.-

APERTURAS.-

Lap/497/2006.- María Michela Saponaro In Greco.- Restaurante en San Lázaro 102. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e á de Xustiza.

OCIHR

LICENZAS.-

FAVORABLES

LIC/98/2007 .- D. JOSE CAMBA MERA.- Rehabilitación de Edificio de Vivendas na Rúa de San Pedro nº 37.

4.- Solicitud de autorización para montaxe do CIRCO ACQUATICO no aparcamento do Estadio de San Lázaro.

Autorízase a montaxe do circo Acquatico no aparcamento do Estadio de San Lázaro dende o 23 ao 29 de xullo.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados, relativa á modificación dos termos de redacción do acordo da Xunta de Goberno de 2 de xuño de 2009 relativo á realización de servizos docentes para a impartición de diversas accións formativas.

Corríxese o erro.

6.- Proposta da concelleira delegada de Circulación Vial relativa á modificación do sentido de circulación de diversas rúas.

Apróbase a modificación do sentido de circulación nas rúas Avenida de Vilagarcía (desde Romero Donallo a García Prieto), García Prieto e Sánchez Freire.

7.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Circulación Vial relativa á aprobación do proxecto de Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo O.R.A. e aparcamento de residentes.

Apróbase o proxecto.

8.- Prórroga do Servizo de mantemento, conservación e reparación do sistema de control de acceso restrinxido ao casco histórico.

Prorrógase o referido contrato suscrito coa empresa TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTES, SA, por un prazo de 6 meses, desde o 1 de agosto de 2009 ata o 31 de xaneiro de 2010, así como a revisión do prezo de adxudicación, que queda fixado en 4.131,20 euros/mes.

9.- Prórroga da prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación de sinalización horizontal e vertical do termo municipal.

Prorrógase o referido contrato suscrito coa empresa IMESAPI, SA, por un prazo de 6 meses, desde o 27 de xullo de 2009 ata o 25 de xaneiro de 2010, así como a revisión do prezo de adxudicación, que será 127.936,35 euros máis o IPC xuño 2008-xuño 2009.

10.- Adxudicación provisional do subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago.

Adxudícase provisionalmente o subministro á empresa NOYAMOVIL, SL de acordo co seguinte desglose:

1 citröen C5: 25.600 euros

3 citröen C3: 39.315 euros

4 citröen Nemo Combi: 60.000 euros.

11.- Prórroga e revisión do IPC do contrato de servizo de radiocomunicacións "Trunking" de voz de datos para o Concello.

Prorrógase por dous anos o contrato de referencia suscrito coa empresa TAELO, S.COOP, e revísase o prezo de adxudicación, que será 1531,15 euros/mes máis o IPC xuño 2008-xuño 2009.

12.- Adxudicación provisional do servizo de elaboración do levantamento topográfico da xeometría actual da Praza de Galicia e do aparcadoiro soterrado, e informe pericial da capacidade portante da estrutura do aparcadoiro.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa ENMACOSA por importe de 29.997 euros máis IVE.

13.- Prórroga e revisión de prezos do ALUGUER do inmobile sito na rúa do Vilar nº 13, 1º andar exterior.

Enténdese prorrogado o devandito contrato polo prazo a contar dende o 1 de maio de 2009 ata o 30 de abril de 2010, así como a revisión do prezo segundo o IPC, que queda fixado en 1.435,94 euros.

14.- Adxudicación Definitiva do contrato de Servizo de montaxe, instalación de infraestruturas e desenvolvemento do programa FERRADURA ABERTA 2009.

Elévase a definitiva a adxudicación do devandito servizo a M^a Carmen García Vicente.

15.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social relativas á aprobación de convenios de colaboración para o ano 2009 con diversas asociacións.

Apróbase a sinatura de convenios entre o Concello e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental (2.200 euros), a Asociación de Loita contra Enfermidades do Ril-Alcer Coruña (2.200 euros), e a Asociación Española contra o Cancro-AECC Coruña (2.200 euros).

16.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á contratación dos traballos de actuación de sondaxes previas e control arqueolóxico das obras de urbanización da zona das Hortas.

Apróbase a contratación dos devanditos traballos coa empresa AKMÉ, S.C., por un importe de 20.184 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á contratación de desenvolvemento dun módulo software para a xestión de persoal e formación a través da Intranet municipal.

Adxudícase o desenvolvemento do módulo citado á empresa TECNOCOM, por un importe de 17.400 euros.

18.- Adquisición de comunicacións para CPD.

Apróbase a adquisición do devandito equipamento á empresa TECNOCONTROL S.A., por un importe de 14.181,56 euros.

19.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a FUNDACIÓN CAIXA GALICIA- CLAUDIO SAN MARTIN para a realización de actividades culturais.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que a Fundación Caixa Galicia achega 510.00 euros para a realización de diversas actividades culturais.

URXENCIAS

1.- Dar conta do Decreto da Alcaldía de corrección de erro no proxecto e prego administrativo do proxecto de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade. (Rúa Galeras-Rúa Salvadas-Rúa Vista Alegre).

Dáse conta da corrección do erro.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á aprobación da modificación do texto do convenio entre o Concello e o Ministerio de Vivenda, e a consellería de Economía e Industria para a remodelación da praza de abastos.

Apróbase a modificación do texto, consistente nunha nova distribución de anualidades, quedando do seguinte xeito:

	MINISTERIO DE VIVENDA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	CONCELLO	TOTAL
2009	0	25.000	25.000	50.000
2010	370.428,59	370.428,59	370.428,59	1.111.285,77
2011	1.080.107,93	370.428,59	499.465,04	1.950.001,56
2012	1.080.107,93	370.428,60	499.465,04	1.950.001,57
TOTAL	2.530.644,45	1.136.285,78	1.394.358,67	5.061.288,90

3.-Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación das Bases reguladoras das axudas do Consorcio de Santiago para o mantemento da envolvente exterior e elementos comúns interiores dos edificios da cidade histórica.

Apróbanse as devanditas bases, así como a convocatoria das axudas reguladas por estas bases, fixando un prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, para presentación de solicitudes. O crédito achegado polo Consorcio á convocatoria é de 200.000 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación do orzamento do campamento ANIMALINGUA, e do prezo público por participante.

Apróbase un orzamento de 12.596,08 euros para o devandito campamento, no que poderán participar 30 nenos e nenas, así como o prezo público de 70 euros por participante.

5.- Proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá relativa á aprobación do orzamento e Bases das subvencións ás asociacións veciñais 2009.

Apróbase unha cantidade total máxima de 100.000 euros para as devanditas subvencións, así como as características, prazos e normas das bases reguladoras.

6.- Proposta do concelleiro de Promoción Económica relativa á modificación das Bases das subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial en Santiago.

Apróbanse as modificacións propostas, co obxecto de corrixir dous erros nas bases cuarta e sétima.

7.-Proposta da Alcaldía relativa ao cesamento dun funcionario.

Apróbase o cesamento.

8.-Proposta da concelleira de Educación relativa ás Obras de acometida eléctrica exterior á Aula de Coñecemento do Medio Rural en Portela.

Adxudícanse as obras á empresa UNIÓN FENOSA, S.A., por importe de 13.747,26 euros.

9. Proposta do concelleiro de Infraestruturas relativa á reurbanización da avenida de Vilagarcía-García Prieto-Sánchez Freire, incluída no FIL.

Á vista da modificación no sentido do tráfico aprobada pola Xunta de Goberno nestas rúas, apróbase o proxecto modificado –que non supón repercusión económica nin variación de unidades de obra– redactado pola empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, S.L., e a súa adxudicación ao contratista da obra principal, AQUAGEST, S.A.